

SAL. 004114 30.04.13 11:45

O RD 1393/2007 establece no seu artigo 12 que nos plans de estudos de grao deberá figurar toda a formación teórica e práctica que os estudantes deban adquirir, entre a que poden figurar as prácticas externas. No apartado 6 do dito artigo indícase que se se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberán ofertarse preferentemente na segunda metade do plan de estudos.

Os plans de estudos de Grao en Medicina e Grao en Odontoloxía, aprobados mediante senllas resolucións rectorais de 17/02/2011, e publicados no BOE do 3/03/2011, contemplan a realización de prácticas externas (en período non lectivo), que se poderán levar a cabo en institucións sanitarias de ámbito nacional e internacional recoñecidas pola Comisión de Calidade do Centro. E tamén establecen que a "actividade en dedicación a tempo parcial durante un mes implicará o recoñecemento de 3 ECTS, sempre que se teña xustificado fehacientemente ter acadado as competencias previamente establecidas. O alumno poderá realizar varios destes períodos de prácticas". Na memoria do Grao en Medicina indícase que se poderán realizar en 3º, 4º e 5º cursos. O centro propón no caso do Grao en Odontoloxía que poidan realiarse en 3º e 4º cursos.

A Normativa de prácticas externas en empresas e institucións da USC, aprobada no CG do 30 de maio de 2008, regula as convocatorias e desenvolvemento das prácticas externas nas titulacións oficiais da USC.

Co obxecto de desenvolver a realización das prácticas externas/clínicas en período non lectivo por parte dos estudantes de grao da Facultade de Medicina e Odontoloxía, e dadas as características específicas que teñen estas titulacións, logo do informe do Centro,

RESOLVO

Primeiro: Obxecto das prácticas

Terán a consideración de "*Prácticas externas en período non lectivo*" no Grao en Medicina e de "*Prácticas clínicas en período non lectivo*" no Grao en Odontoloxía as **Prácticas clínicas** que realicen os estudantes baixo a supervisión dos profesores responsables.

Segundo: Tempo e lugar de realización

Esta actividade realizarase en período non lectivo durante os meses de xuño, xullo e agosto nos centros ou servizos que acorde a Universidade de Santiago de Compostela de conformidade cos convenios que teña subscrito con organismos ou entidades de carácter sanitario.

Terceiro: Número de horas e equivalencia en créditos

Os alumnos realizarán un total de **75 horas** de prácticas nesta actividade en cada un dos períodos para os que soliciten. A equivalencia en créditos será de 25 horas = 1 crédito optativo. En consecuencia, en cada período obterán **3 ECTS optativos**. Os estudantes poderán realizar máis dun período de prácticas en cada curso académico, sempre que as normas de matrícula o permitan, pero a concesión estará en función das prazas dispoñibles despois dun primeiro reparto entre todos os solicitantes.

No caso do Grao en Medicina, as prácticas imputaranse aos cursos 3º, 4º ou 5º; no caso do Grao en Odontoloxía, aos cursos 3º e 4º.

A realización das prácticas deberá ser compatible coa realización dos exames oficiais fixados polo Centro.

Cuarto: Convocatoria

O Centro realizará entre os meses de febreiro e marzo a Convocatoria de "**prácticas externas/clínicas en período non lectivo**" correspondente ao ano académico en curso. Farase unha convocatoria para cada unha das titulacións que organiza o centro, que deberá conter os seguintes extremos:

- Hospitais e centros de saúde nos que se poderán realizar as prácticas, indicando a súa localidade.
- Prazo de presentación das solicitudes.
- Requisitos académicos para concorrer e criterios de selección, de ser o caso.
- Profesor ou profesores responsables do desenvolvemento das prácticas

Quinto: Avaliación e cualificación das prácticas

Ao final do período de prácticas o alumno deberá entregar unha memoria ao profesor ou profesores responsables do seu desenvolvemento que, en colaboración cos profesionais que actúen como titores das prácticas clínicas, deberán facer o correspondente informe e a avaliación das ditas prácticas. As cualificacións das prácticas serán as ordinarias e incorporaránse nas actas das materias correspondentes do plan de estudos por parte do profesorado responsable.

Sexto: Matrícula

A resolución do decano/a que faga pública a selección de alumnos axustarase ao modelo do ANEXO I e deberá conter os seguintes datos:

- Nome e apelidos dos alumnos seleccionados.


- Destino no cal desenvolverá as prácticas.
- Tempo de realización da actividade.

Esta resolución deberá ser remitida ao Servizo de Xestión Académica e máis á Unidade de Xestión Académica do Campus Norte para os efectos de que os alumnos formalicen a matrícula nas prácticas.

O prazo de matrícula dos alumnos seleccionados en cada convocatoria estará comprendido entre o 15 e o 30 de maio.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2013

O reitor



Juan José Casares Long

Sr. Vicerreitor de Titulacións e PDI; Sra. Secretaria Xeral; Sr. Decano da Facultade de Medicina; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte; Sra. Directora da Oficina de Información Universitaria; Sr. Xefe da Área TIC

